

GRANDES AVANCES DA HUMANIDADE

A LAVADORA

Xedas

Como ben sabemos, lavar a roupa sen auga corrente era un labor penoso e complicado para as mulleres. Só o podía facer na casa quen dispuxese de pozo con abundante auga e amplo lavadoiro de pedra. Senón ao río, cargada coa tina, a roupa, o xabón e a táboa de lavar se o río ou



Lavadeiras en Cangas

regato non suministraban unha boa pedra na que restregar a roupa. Os lavadoiros públicos (cubríronse con tellado no franquismo) viñeron facilitar moito este labor ao incluíren amplos píos e pedras, e sobretudo unha postura máis cómoda para as lavadeiras.

Ainda que pareza mentira, as primeiras lavadoras chegaron xa no século XIX, alá cara o ano 1870, pero eran manuais e aínda que escoaban a roupa cuns roletes a manubrio, o esforzo do lavado non o diminuían.

A chegada da electricidade permitiría que en 1901, unha muller chamada Alva Fisher inventase a lavadora eléctrica cun motor que facía xirar un tambor no que se metía a roupa, a auga e o xabón. Este último elemento, fundamental no lavado, foi de orixe hispano-italiano pois o compoñente básico era o aceite de oliveira e paradoxalmente os franceses, famosos hoxe polos perfumes e xabóns, andaban a facelo de sebo de cabra e cinza de faia. A cousa está clara: Non tiñan aceite!.

O que non se entende, como moitas outras cousas, é que en Galicia que tiñamos auga e electricidade abondo, nos tardase tanto a chegada da lavadora!



Unha lavadora manual